

## 1.4. inflación e tipos de xuro

**A**tendendo ós datos do INE, no ano 2000 continuou o desaxuste na evolución da inflación, que volve a ser superior á experimentada no ano 1999. Como aspecto positivo pódese salientar que a inflación en Galicia situouse por debaixo da media de España logo de dous anos nos que foi máis elevada.

A **taxa de variación interanual** de inflación de Galicia en 2000 –medida polo índice de prezos ó consumo– acadou o 3,7%, 4 décimas superior á rexistrada no ano anterior en Galicia, mentres que a taxa interanual de inflación en España ascendeu ó 4,0% no ano 2000. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia presenta unha das menores taxas de crecemento, sendo inferior tan só en Canarias e Cantabria, co 3,5%, e en Extremadura, co 3,6%.

Desagregando ó seu estudio por provincias, o **cadro C.1.8.** (*IPC galego e español 1998-00: medias e taxas de variación anuais*) reflicte que

no ano 2000 tódalas provincias galegas presentan unha taxa de variación interanual inferior á taxa de variación experimentada en España. A provincia de Lugo, ó igual que no ano anterior, presenta a taxa de variación interanual máis elevada de Galicia, co 3,9%, similar á experimentada neste ano pola provincia de Pontevedra. A taxa de variación interanual da inflación da provincia de A Coruña situouse no 3,6% e a de Ourense, nun 3,5%.

Se se observa a evolución media mensual da taxa de inflación en Galicia, **cadro 1.4.1.**, os meses de xullo e abril son os que presentan unha maior taxa de variación respecto ó mes anterior, co 0,8% e o 0,5%, respectivamente. En relación ás taxas mensuais españolas, os meses de abril, xullo, outubro e novembro presentan unha taxa superior á experimentada en España, mentres que foi igual no mes de xuño.

Desagregando a análise por grupos de gasto, o **cadro 1.4.2.** amosa que as taxas de

CADRO 1.4.1.

IPC galego e español 1999-00: medias e taxas de variación mensuais

	1999				2000			
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(media mensual)		(taxas de variación mensuais) (1)		(media mensual)		(taxas de variación mensuais) (1)	
Xaneiro	125,8	125,1	0,3	0,3	129,8	128,7	0,2	0,3
Febreiro	126,0	125,2	0,2	0,1	129,9	128,9	0,1	0,2
Marzo	126,6	125,7	0,5	0,4	130,3	129,4	0,3	0,4
Abril	127,2	126,2	0,5	0,4	131,0	129,9	0,5	0,4
Maio	127,3	126,2	0,1	0,0	131,1	130,2	0,1	0,2
Xuño	127,4	126,2	0,1	0,0	131,5	130,6	0,3	0,3
Xullo	128,0	126,8	0,5	0,5	132,5	131,3	0,8	0,5
Agosto	128,7	127,3	0,5	0,4	132,8	131,9	0,2	0,5
Setembro	128,8	127,6	0,1	0,2	132,9	132,2	0,1	0,2
Outubro	128,8	127,5	0,0	-0,1	133,4	132,6	0,4	0,3
Novembro	128,9	127,7	0,1	0,2	133,8	132,9	0,3	0,2
Decembro	129,5	128,3	0,5	0,5	134,2	133,4	0,3	0,4

(1) calculada sobre o mes anterior  
Fonte: INE

CADRO 1.4.2.

IPC xeral e por grupos de gasto das CC.AA. 2000: taxas interanuais

	IPC xeral	IPC grupos de gasto							
		Alimentos, bebidas e tabaco	Vestido e calzado	Vivenda	Menaxe e servizos para o fogar	Servizos médicos e sanitarios	Transportes e comunicac.	Esparcemento, ensino e cultura	Outros bens e servizos
Andalucía	3,8	4,0	1,6	3,5	2,3	2,5	5,3	2,3	5,2
Aragón	3,7	2,5	1,5	5,0	1,9	3,2	5,2	3,3	6,3
Asturias	4,3	3,3	3,7	3,9	3,1	2,7	6,0	2,5	6,3
Baleares	3,8	3,3	1,4	3,4	3,2	3,5	6,7	0,9	4,5
Canarias	3,5	2,9	0,8	3,6	2,1	2,9	6,4	1,2	4,7
Cantabria	3,5	1,7	1,4	6,3	1,9	0,7	4,4	4,4	5,9
Castela e León	4,1	2,7	2,1	8,0	2,6	2,6	5,4	2,8	5,0
Castela-A Mancha	4,1	3,7	2,3	5,7	2,4	3,3	5,7	1,9	4,9
Cataluña	4,2	3,0	3,4	5,7	3,4	3,5	5,5	3,8	4,7
C. Valenciana	4,0	3,6	2,9	2,8	4,0	2,5	5,7	2,9	5,2
Extremadura	3,6	3,9	1,0	3,5	1,9	2,7	5,8	1,2	4,4
<b>Galicia</b>	<b>3,7</b>	<b>2,2</b>	<b>2,4</b>	<b>4,5</b>	<b>2,8</b>	<b>3,3</b>	<b>6,2</b>	<b>2,8</b>	<b>5,3</b>
Madrid	3,9	3,1	1,2	4,3	3,1	2,9	5,2	3,7	5,4
Murcia	4,8	4,1	3,4	4,6	4,0	6,9	6,3	2,7	6,1
Navarra	4,1	4,1	2,0	5,9	2,8	2,7	5,5	2,6	4,8
A Rioxa	4,5	4,1	2,5	5,1	4,2	4,2	5,4	-1,2	7,5
País Vasco	3,8	3,2	2,6	2,4	4,1	4,1	5,2	3,2	4,8
Ceuta-Melilla	3,7	3,4	0,5	3,6	3,0	1,6	9,7	1,0	4,4
<b>Total</b>	<b>4,0</b>	<b>3,2</b>	<b>2,3</b>	<b>4,6</b>	<b>3,0</b>	<b>3,1</b>	<b>5,6</b>	<b>3,0</b>	<b>5,2</b>

Fonte: INE

variación máis elevadas no ano 2000 rexístranse no caso dos “transportes e comunicacións” e en “outros servizos”, co 6,2% e o 5,3%, respectivamente. Pola contra, os sectores menos inflacionistas foron os de “alimentos, bebidas e tabaco” e o do “vestido e calzado”, co 2,2% e o 2,4%.

Comparando as taxas de variación galegas coas rexistradas en España, no devandito **cadro 1.4.2.**, os grupos de gasto “vestido e calzado”,

“servizos médicos e sanitarios”, “outros bens e servizos” e, sobre todo, o grupo de gasto “transporte e comunicacións” presentan en Galicia taxas superiores ás españolas.

Un factor de análise sempre discutido no contexto da creación da inflación é a variación dos salarios monetarios. Atendendo á enquisa de salarios na industria e nos servizos, en España, a taxa de crecemento dos pagos totais (2,3%) foi 1,1 puntos inferior á taxa media anual de infla-

## CADRO 1.4.3.

**Tipos de xuro e rendementos da débeda pública en España e outros países da UE 1999-00**

Tipos de xuros interbancarios a tres meses	1999	2000
	<i>(en medias de cifras diarias)</i>	
Alemaña	2,90	4,33
Francia	2,88	4,33
Italia	2,92	4,33
Reino Unido	5,42	6,08
España	2,94	4,38
<b>Rendementos da débeda pública a longo prazo (1)</b>	<b>1999</b>	<b>2000</b>
Alemaña	4,49	5,26
Francia	4,61	5,39
Italia	4,73	5,58
Reino Unido	5,01	5,33
España	4,73	5,53
<b>Diferencial España/Paises da UE</b>	<b>1999</b>	<b>2000</b>
Alemaña	0,24	0,27
Francia	0,12	0,14
Italia	0,00	-0,05
Reino Unido	-0,28	0,20

(1) empregados para a medición da converxencia dos países da UE  
 Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Banco de España

## CADRO 1.4.4.

**Tipos de xuros en España 1999-00**

	Tipo de xuro legal	Tipo interbancario (Mibor) a un ano	Tipo interbancario (Euribor) a un ano	Tipo activo de referencia de caixas de aforro
<b>1999</b>	4,25	3,156	3,826	5,875
<b>2000</b>				
Xaneiro	4,25	3,924	3,949	6,125
Decembro	4,25	4,889	4,881	7,000

Fonte: Banco de España

ción, namentres que no caso galego, a taxa de crecemento dos salarios foi do 2,6%, é dicir, 6 décimas por baixo da taxa media anual de inflación galega (**cadro C.2.8.: Ganancia media por traballador e mes 1999-00. Pagos totais**) e 1,1 puntos inferior á taxa de variación interanual (3,7%).

A pesares deste maior crecemento dos pagos totais galegos, Galicia, en termos absolutos, segue a ser a décimo terceira comunidade con menores salarios monetarios totais, por diante de Canarias, Castela-A Mancha, Estremadura e Murcia. O salario total medio ascendeu no ano 2000 a 201.162 pesetas/mes, fronte ás 230.325 pesetas ó mes de media no caso español.

No concernernte ó **Índice de Prezos Industriais (IPI)**, o índice xeral experimenta, despois do repunte de 1999, unha forte subida no último ano, cun medre do 5,45%. Dun xeito máis desagregado, hai que salienta-lo aumento do índice de prezos no caso dos bens intermedios, que rexistra un crecemento do 10,4% no último ano. Tan só os bens de consumo presentan unha ralentización no crecemento do seu índice de prezos, que medra un 1,2% fronte ós 1,5% do ano anterior (**cadro C.1.10. Índice de prezos industriais 1999-00: taxas medias de variación anual**).

Respecto ós **tipos de xuro**, no ano 2000 prodúcese un aumento do rendemento da débeda pública a longo prazo en tódolos países con-

siderados. Respecto ós diferenciais entre España e os outros países, o **cadro 1.4.3.** reflicte que España presenta un rendemento superior ó experimentado no Reino Unido e inferior ó rexistrado nos outros 3 países considerados.

O **cadro 1.4.4.** amosa a evolución dalgúns das principais tipos de xuro en España. Como se pode apreciar, ó longo do ano 2000 o tipo de xuro legal permaneceu no 4,25 nos meses de xaneiro e decembro. Comparado cos datos do mes de decembro de 1999, prodúcese un aumento do tipo interbancario a un ano, que acada os 4,889 fronte ós 3,156 do ano anterior no caso do Mibor e os 4,881 fronte ós 3,826 no caso do Euribor. ■